

Adaptación e coordinación: **XULIO GUTIÉRREZ**
JOSÉ MARÍA HERAS

Encadernado en cartóné
18 páxinas a toda cor. 15x17 cm.
Dispoñible en:

-Galego: "Pequechos..."

- ...das praderías e das sabanas: ISBN 84-8464-590-8
- ...das terras polares: ISBN 84-8464-591-6
- ...dos ríos e dos lagos: ISBN 84-8464-594-0
- ...da selva: ISBN 84-8464-589-4
- ...do deserto: ISBN 84-8464-593-2
- ...das montañas: ISBN 84-8464-592-4

Prezo: 12 € (unitario) / 72€ (conxunto)

PEQUECHOS




Unha colección moi amena para coñecer os animais máis sorprendentes de cada ecosistema. Libros activos, para unha ampla franxa de idade e con fotografías cheas de expresividade que cativarán a curiosidade dos máis novos.

Os animais deixan unha fonda impresión nos cativos: o medio no que viven, o seu aspecto e as cualidades que os caracterizan suscitan neles moito interese. A colección "Pequechos" é un material imprescindible para escolas e bibliotecas, polo seu carácter singular, xa que non abundan libros en galego sobre esta temática.

Os contidos dos seis volumes articúlanse sobre unha mesma estrutura. A narración preséntase en primeira persoa, de xeito que son as crías de cada especie -os Pequechos- as que se presentan a si mesmas, establecendo un diálogo directo e activo cos lectores.

A colección "Pequechos" destaca tamén polo amplo abano de idade á que vai dirixida: a súa linguaxe sinxela e precisa fai que cada libro resulte comprensible para todo tipo de lectores, converténdose nun material de referencia para o ensino en galego. Permite distintas lecturas, dende o simple goce das fotografías ata a ampliación de coñecementos sobre os animais retratados, pasando por aprender aspectos como o clima ou a vexetación doutros puntos do planeta.

Os primeiros seis volumes achéganlles aos lectores a fauna de lugares exóticos e afastados como a selva, o deserto, a sabana ou os polos; e outros máis próximos, como as montañas, as lagoas e os ríos. Ademais de coñecer como viven, tamén poderán desenvolver sentimentos de respecto polo medio ambiente, polos dereitos dos animais e comezar a sensibilizarse sobre a necesidade de preservar o mundo no que vivimos das ameazas que se cernen sobre el: a contaminación, a caza e o tráfico ilegais de especies en perigo de extinción.



- **Temática:** libros de fotografía das crías de distintas especies animais, agrupados nos hábitats que lles corresponden
- **Idade recomendada:** dende 4 anos
- **Aspectos destacables:** os animais describen os seus ecosistemas e as súas familias, plantexando acertixos aos lectores para que adiviñen a súa identidade
- **Aplicacións:** especialmente recomendado para bibliotecas e escolas (materias de ciencias e coñecemento do medio)